



Pasarrijas

TREBOADA





Sinopse

Chega o son do **pasarrúas Treboada!**

Animais arrastrados polos desequilibrios ambientais inundarán as rúas cos seus pesares, conducidos polos ritmos da **batucada** que lles marcará o camiño. Polo mar, polo aire e dende terras afastadas manifestaranse ante nós.

Acompañemos a estes seres, presenciemos a súa causa e unamos os nosos pasos ao compás dos tambores no seu derradeiro desfile.



Temática

Unha ollada crítica á nosa relación co planeta.

A emerxencia climática estamos a evocar a todos ao día da nosa extinción. Nos últimos 50 anos arrasouse con gran parte dos ecosistemas terrestres e submariños. Segundo predicen os expertos, no ano 2050 a temperatura subirá unha media de entre 2 e 5 graos no peor dos escenarios. Isto provocaría unha acidificación dos océanos, migracións masivas de animais e persoas, o aumento do nivel do mar debido ao desxeo dos polos, o aumento de zonas mortas, das secas, inundacións, tormentas, incendios forestais...

Debido a isto **queremos invadir as rúas ao son da batucada e que resone en todas nós a necesidade de coidar o planeta que nos alberga** e ao resto de seres que habitan nel.







Estilo e manipulación

Os monicreques e máscaras de gran formato que participan no pasarrúas Treboada son o resultado dunha investigación da compañía **Nauta**, da súa propia linguaxe escénico e a súa forma de **fusionar os monicreques cun teatro de actualidade**. A súa manipulación implica a varios actores e actrices e poderemos velos bailar e moverse ao son e cos integrantes de **Trópico de Grelos**, improvisar e interactuar co público e ver de preto -a través das súas coreografías- que é o que trouxo aos animais ata este momento.

Todo conectado cos ritmos incansables, que sosteñen ao pasarrúas dando un ambiente tan festivo coma comprometido.



NAUTA

Teatro

6

ASOCIACIÓN CULTURAL TRÓPICO DE GRELOS

Trópico de Grelos é unha Asociación Cultural que nace en Compostela no ano 2003 pola inqueda de un grupo de mozos e mozas amantes da percusión. O seu propósito é **promover e programar actividades culturais relacionadas coa percusión afrobrasileira procedente dos blocos de Salvador de Bahía**. Despois de máis de 15 anos de vida, seguen coa mesma paixón, ampliando coñecementos, novas disciplinas e realizando diversas formacións neste campo. No eido formativo destacan a súa **Escola Prucupá**, no profesional ao **Bloco Afro** e no lúdico e divulgativo **O Festival Batebatuke**.





NAUTA

Nauta é unha nova compañía de creadores galaico-francesa que beben do teatro físico, especialmente do mundo da máscara e os monicreques.

Dende o seu desexo de afondar e descubrir a arte escénica do día de hoxe, Nauta explora un teatro onde os estilos únense para abrir novos espazos. Un punto de encontro con artistas de diferentes nacionalidades e disciplinas onde mergullarse no extraordinario da creación e todas as súas posibilidades.







NAUTA
onautaTeatro



Tropico de Grelos

Tropico de Grelos

Tropico de Grelos

Tropico de Grelos

Tropico de Grelos



NAUTA

@nauta.teatro



CONTACTO

 Nautateatro

 tropicodegrelos

 Nautateatro

 tropicodegrelos

 nautateatro.com

 tropicodegrelos.com

630 41 68 98 - Rafael (producción)

626 28 96 85 - Pilar (distribución)

659 37 12 72 - Alenya (distribución)

info@nautateatro.com